



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE A SANTIAGO DE
COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO PRACTICUM DO MÁSTER
UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE
IDIOMAS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Universidades da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o ano 2021 ata o ano 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: a regulación da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do Practicum do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas pola Universidade de Santiago de Compostela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:
A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela, conscientes da especificidade do devandito Máster e da súa importancia estratéxica para o sistema educativo galego, recoñecen a necesidade de colaborar para contribuír á formación integral e práctica do alumnado universitario desta titulación, en





concreto na fase de Prácticum na que o alumnado iníciase na práctica docente directa e na orientación psicopedagóxica, coñecendo ademais os aspectos pedagóxicos, organizativos e de funcionamento dos centros co apoio e baixo a tutela de profesorado en exercicio que reúne as características e preparación axeitadas. E todo iso ao abeiro da Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro e do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro nos que se recolle a obrigatoriedade de realizar o prácticum con carácter presencial e en colaboración coas institucións educativas establecidas mediante convenios entre universidades e administracións educativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de abril de 2021.

